

## **COMENTARIO DUN TEXTO POLÍTICO-DOCTRINAL**

### **PÁX. 262-263 DO LIBRO DE TEXTO.**

#### **ANTONIO MAURA: TRINTA E CINCO ANOS DE VIDA PÚBLICA**

##### **- PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO**

Trátase de varios parágrafos extraídos da obra de Antonio Maura, publicada en 1917, nos últimos anos de vida política. Ten a forma de memorias autobiográficas e a súa natureza é, evidentemente, política. Trátase pois dunha fonte directa e primaria para o coñecemento da política conservadora representada por Maura na España da Restauración.

Antonio Maura foi un político destacado do primeiro cuarto do S. XX. Foi ministro en varias ocasións con Sagasta e, despois da crise de 1898, elaborou un programa político reformista, no que propoñía medidas “rexeneracionistas”. O seu propósito resumíase na expresión de “revolución desde arriba”. Durante o seu “gobierno longo”, entre 1907 e 1909, adoptou medidas como a nova Lei Electoral, a Lei de Folgas, a reforma da administración local, etc. Obrigado a dimitir tras a dura represión da Semana Tráxica. O seu liderado quedou cuestionado, aínda que volveu a presidir o Goberno tras a crise de 1917.

##### **- CONTIDO DO TEXTO / PRINCIPAIS IDEAS DO TEXTO**

No texto atopamos algunhas das principais ideas políticas de Antonio Maura:

- Afirma a necesidade da existencia de partidos para organizar a vida política do país.
- Lamenta a inexistencia de verdadeiros partidos de dereitas organizados.
- Sinala a necesidade de realizar reformas aínda que estas danasen intereses particulares.
- Queixase da indiferenza da “clase neutra”; é dicir, da apatía e falta de compromiso nos asuntos da vida pública das clases conservadoras. Fala incluso da necesidade dunha “revolución audaz”, mediante a cal as clases conservadoras salven o país. Deste xeito, Maura opoñeríase á mobilización social da esquerda, que si actuaba na vida pública.

En resumo, estes eran os principios da súa idea de “revolución desde arriba”, ca que pretendía revitalizar o sistema da Restauración.

## - ANÁLISE E COMENTARIO DO TEXTO

En maio de 1902, Alfonso XIII convértese en rei e xura a Constitución de 1876. O sistema da Restauración atopábase nunha profunda crise tras o desastre do 98, o asasinato de Cánovas en 1897 e o desgaste de Sagasta, que morrería en 1903. Prodúcese entón un relevo na política nacional. En cada un dos partidos entran novos homes e iniciouse a loita pola xefatura. A alternancia bipartidista mantívose ata 1917, e no Congreso continuou a maioría monárquica, representada por conservadores e liberais, pero fíxose patente o aumento de deputados que representaban as novas correntes políticas, como o republicanismo ou o catalanismo. As novas forzas que estaban fora do sistema eran o PSOE, que obtivo en 1910 o seu primeiro deputado (Pablo Iglesias); as forzas rexionalistas, especialmente o catalanismo, que comezou a ter algún éxito electoral e, por último, o republicanismo, que tamén medraba en importancia política.

Entre 1902 e 1907 prodúcense numerosas crises ministeriais e cambios de goberno. Volverán a saír a escena os problemas non resoltos, especialmente a “cuestión social”, os nacionalismos e o desenvolvemento do anticlericalismo.

No Partido Conservador, o sucesor de Cánovas del Castillo, Silvela, intentou en 1899 un goberno de concentración co fin de integrar as correntes rexeneracionistas que suscitara o “desastre”. Non tivo éxito e xurdiron enfrontamentos dentro do propio partido. Pero o político máis representativo do partido foi **Antonio Maura**, un antigo liberal que, de man de Silvela, se converteu no xefe conservador. Estaba convencido de moralizar a vida pública española, acabando co caciquismo, e falaba da “revolución desde arriba” e de rematar coa corrupción e co falseamaneto electoral. Foi Presidente do Goberno entre 1903 e 1904, e de novo entre 1907-1909. Viuse forzado a dimitir tras a Semana Tráxica, en 1909, desprestixiado pola dura represión aplicada sobre os movementos de protesta.

No Partido Liberal, Montero Ríos sucedeu como líder a Sagasta, pero axiña lle disputou a xefatura Segismundo Moret. Finalmente será **José Canalejas** o que se converta no verdadeiro líder dos liberais. Durante a súa xefatura de Goberno (1910-1912), intentou darlle solución aos principais problemas de España: as relacións coa Igrexa, o problema colonial de Marrocos, o problema catalán, as reivindicacións obreiras e o da división dos partidos.

O Goberno conservador de Maura e o liberal de Sagasta foron anos de renovación interna, e tanto un coma o outro intentaron levar a cabo un programa rexeneracionista para intentar salvar o réxime da Restauración e solucionar eses problemas do país.

## - VALORACIÓN HISTÓRICA

Na primeira metade do S.XX estendeuse a necesidade de promover reformas profundas no sistema social e político da Restauración. Esta política, denominouse “rexeneracionismo”, e os seus principais valedores foron Maura, polo Partido Conservador, e Canalejas polo Liberal. O rexeneracionismo chegou á súa fin cara 1914, a partir da Primeira Guerra Mundial. O sistema da Restauración entrou nunha fase de agonía definitiva pola imposibilidade de resolver os profundos problemas da España da época, xa que marxinaba totalmente ás novas forzas sociais e políticas que esixían a súa participación no sistema e na solución dos seus problemas.